

Comentarios recollidos do [blog da Biblioteca](#) do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. Ela chamábase Nila: é unha nena que os seus pais divorciáronse cando tiña 13 anos, ela vive intranquila, tamén é solitaria, dunha inadaptable nerviosa. Ela un día comprou un dicionario de latín de segunda man. Ela máis tarde comprobou que era dunha tal Carola Biga que nacera dez anos antes que Nila. Escribira o seu nome e data con letra infantil. A partir deste momento ela obsesiónase por coñecer a propietaria dese libro ateigado de anotacións. É un libro que non me gustou moito porque é triste pero bonito, eu recomendaríao para ler. **(Alejandro)**
 2. Este libro non me gustou porque trata dunha nena que sempre está triste e un pouco tola porque parece que quere vivir no seu mundo sen ninguén máis. Pero a min pérome que a situación familiar do libro se dá poucas veces, puidera haber situacións parecidas na realidade pero non tan raras e tristes coma esa. **(David)**
 3. Gustoume este libro aínda que é moi difícil de ler ata a páxina 70 ou así. É moi triste dado a que a ninguén lle gustaría estar na súa situación de mal paso, saúdos! **(Silvia)**
 4. O libro non me gustou. Persoalmente penso que é moi aburrido. Quizais o final é a parte máis interesante pero deberíase prescindir de moitos capítulos e dunha morea de partes sen maior importancia no argumento principal. Non o recomendaría como lectura nos próximos anos. Nila é un rapaza triste que só pode queixarse da vida e non comprende que todo pode ter un bo final e que por un mal momento non debe abandonar á familia e ós estudos. Non me parece un bo argumento nin unha boa ensinanza. Quizais se pode aprender del que perseguindo o que queres e o que máis desexas, algún día poderás conseguilo. Por iso pérome que o final é a mellor parte. **(Elena)**
 5. A min gustoume bastante aínda que é un pouco triste. **(Rafael)**
 6. Gustoume moito este libro aínda que o argumento non me parecía moi bo e é difícil de comprender **(Sergio)**
 7. Este libro non me gustou moito. Pareceume un libro moi aburrido e difícil de ler. Tamén me pareceu un pouco triste. Recomendo que o lean a xente que lle guste os libros dramáticos. **(Patricia)**
 8. A min non me gustou o libro, é moi difícil de ler. Pareceume moi triste sobre todo cando morre a sobriña de Carola Biga. **(Antonio)**
 9. O libro gustoume moito. Trata dunha rapaza que se chama Nila, os seus pais están separados e a súa curmá non vive con ela, xa que vive co seu marido e está embarazada. Nila ten 13 anos, esta triste e é un pouco rara. Fai pouco comprou un dicionario, "o dicionario de Carola" e púxose en contacto con Carola xa que dicía que era parecida a ela, pasou o verán na casa de Carola e ao final ... **(Irene)**
 10. O libro non me gustou. Persoalmente penso que é aburrido, o único interesante, na miña opinión, é o final. Eu non recomendaría este libro para xente xove. O único que destacaría dunha maneira positiva é que a rapaza conseguiu o seu obxectivo ata conseguilo. **(Manuel)**
 11. Nila non é feliz porque ve que seu pai anda por aí sen a súa nai. Os pais divórcianse, e a nai de Nila monta unha pastelería. Ao pouco tempo volve a casar con un home chamado Xenxo Sanguina, este é peor que o pai de Nila. Nila merca nunha tenda de antigüidades un dicionario vello. Na portada pon de nome Carola Rá. Con ese dicionario busca palabras e fai historias pequenas e un día escribe unha sobre Xenxo... É un libro un pouco raro porque unha nena creo que non é amiga duns ocupas e ... Creo que puiden escoller outro libro pero aínda así foi un libro interesante **(Alberto)**
-

12. O libro conta unha historia sobre unha nena chamada Nila, que lle gustaba coleccionar libros. Un día mercou un dicionario de latín cheo de anotacións, que pertencera a unha tal Carola Biga. Os seus pais se divorciáranse e a súa irmá casouse e foise a vivir co seu marido, que se chamaba Octavio. Ela (Nila) séntese mal. ... O libro é interesante, porque ensina a resistir as dificultades da vida, e eu recoméndollo á xente á que lle guste ler libros sobre os sentimentos das persoas. (**José Manuel**)
